

## **ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 1 DE SETEMBRO DO 2008.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día un de setembro de dous mil oito; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Anxo Collarte Pérez, Don José Ignacio Gómez Pérez, Don Francisco Xabier Carreira Sebio, e Dona Manuela Iglesias Collarte.

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández, estando tamén presente a Interventor Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

### **1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 25 de Agosto do dous mil oito (Ordinaria).

### **2.- OBRAS MAIORES.-**

#### **1.- EXPEDIENTE RIB/S/222.1/07.**

“Visto o escrito de Dona María del Portal Fernández Deaño, onde solicita Licenza de Obras para reforma de vivenda, segundo Proxecto Técnico que se presenta

Visto o informe da arquitecta Dona Mercedes Álvarez López de data 25/08/08 no que se fan as seguintes consideracións:

**As obras que se solicitan son obras permitidas pola normativa urbanística vixente, Plan Especial de Protección e Reforma Interior, e recollidas no artigo 21. Obras Permitidas; manténdose o uso residencial existente, que se inclúe como uso protexido ou recomendado no Capítulo I.- Usos da Edificación do Título VI.- Condición de Uso das Ordenanzas da citada normativa.**

Visto o Informe Xurídico no que se fan as seguintes consideracións:

### **CONSIDERACIÓNS XURIDICAS**

*1-As obras solicitadas cumpren o art. 21 do Plan especial do Conxunto Histórico de Ribadavia .*

*2-Consta dictamen da Comisión de Seguimento do Plan especial de reforma interior do Casco histórico de Ribadavia de data 29.06.07 .*

### **CONCLUSIÓNS**

*Informase favorablemente o outorgamento da licenza a favor de Dona María del Portal Fernández Deaño.*

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda outorgamento da licenza para reforma de vivenda.”

### **1.- Condicións xerais:**

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

Penalización: o incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 209 e ss. da Lei 9/2002), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado. No obstante, transcorridos tres anos desde o outorgamento da licenza sen que se iniciasen as obras entenderase caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderán iniciar as obras sen obter nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor.

### **2.- Condicións particulares:**

**Finalidade da actuación e uso ó que se destinará:** reforma completa de vivenda.

**Contía na que se orzan as obras:** 44.724,19 €

**Situación e emprazamento das obras:** Rúa Progreso nº48, Plta Baixa.Ribadavia

**Redactor do Proxecto e dirección execución material das obras:** Don Jose Benito Dávila Fuertes.

**Nome ou razón social do promotor:** M<sup>a</sup> del Portal Fernández Deaño

**Prazos:** O prazo de inicio das obras é dun (1) mes e o prazo de remate de un (1) ano, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da licenza de obras.

**Liquidación do ICIO:** A licenza non terá validez sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación do Sr. Interventor. Visto o orzamento estimado que figura no informe técnico e que ascende a 44.724,19 euros, practícase liquidación complementaria polo Sr. Interventor aos efectos do imposto de construcións, instalacións e obras por importe de 1.162,83€ a ingresar.

**Outras condicións:** As obras deberán axustarse o proxecto e documentación anexa aportada o expediente mantendo o seu uso inicialmente proxectado para planta soto e modificando o de planta baixa e comercial para uso de garaxe.

## **2.- EXPEDIENTE RIB/S/232.1/07.**

“Visto o escrito de Don Julio Rivera Fernández, onde solicita Licenza de Obras para a adaptación de planta baixa para uso de discapacitados, segundo Proxecto Técnico que se presenta.

Visto o informe da arquitecta Dona Mercedes Álvarez López de data 25/08/08 no que se fan as seguintes consideracións:

**As obras que se solicitan son obras permitidas pola normativa urbanística vixente, Plan Especial de Protección e Reforma Interior, e recollidas no artigo 21. Obras Permitidas; manténdose o uso residencial existente, que se inclúe como uso protexido ou recomendado no Capítulo I.- Usos da Edificación do Título VI.- Condición de Uso das Ordenanzas da citada normativa.**

Visto o Informe Xurídico no que se fan as seguintes consideracións:

*1-As obras solicitadas cumpren o art. 21 do Plan especial do Conxunto Histórico de Ribadavia.*

*2-Non consta dictamen da Comisión de Seguimento do Plan especial de reforma interior do Casco histórico de Ribadavia.*

## **CONCLUSIÓNS**

*Informase favorablemente o contido da solicitude posto que cumpre os condicionantes da normativa urbanística aplicable aínda que previamente ao seu outorgamento debería procederse a emisión do correspondente dictamen da acta da Comisión de Seguimento do Plan especial de reforma interior do Casco histórico de Ribadavia.*

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda outorgamento da licenza para a adaptación de planta baixa para uso de discapacitados.”

### **1.- Condicións xerais:**

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

Penalización: o incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 209 e ss. da Lei 9/2002), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado. No obstante, transcorridos tres anos desde o outorgamento da licenza sen que se iniciasen as obras entenderase caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderán iniciar as obras sen obter nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor.

## 2.- Condicións particulares:

**Finalidade da actuación e uso ó que se destinará:** adaptación de planta baixa para uso de discapacitados.

**Contía na que se orzan as obras:** 16.439,34 €

**Situación e emprazamento das obras:** Yañez nº29, Ribadavia

**Redactor do Proxecto e dirección execución material das obras:** Don Jose Benito Dávila Fuertes.

**Nome ou razón social do promotor:** Julio Rivera Fernández

**Prazos:** O prazo de inicio das obras é dun (1) mes e o prazo de remate de un (1) ano, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da licenza de obras.

**Liquidación do ICIO:** A licenza non terá validez sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación do Sr. Interventor. Visto o orzamento estimado que figura no informe técnico e que ascende a 16.439,34 euros, practícase liquidación complementaria polo Sr. Interventor aos efectos do imposto de construcións, intalacións e obras por importe de 427,42€a ingresar.

**Outras condicións:** As obras deberán axustarse o proxecto e documentación anexa aportada o expediente mantendo o seu uso inicialmente proxectado para planta soto e modificando o de planta baixa e comercial para uso de garaxe.

### **3º.- EXPEDIENTE RIB/S/232.2/07**

“Visto o escrito de Dona M<sup>a</sup> del Pilar Selas Chao e Blanca Selas Chao, onde solicita Licenza de Obras para rehabilitación de plantas baixas, segundo Proxecto Técnico que se presenta.

Visto o informe da arquitecta Dona Mercedes Álvarez López de data 28/08/08 no que se fan as seguintes consideracións:

O citado “Proxecto Básico e de Execución para Rehabilitación de plantas altas” e os seus Anexos están redactados polo arquitecto D. Luís A. Chao Gómez, estando o seu cargo a Dirección das Obras, e a cargo do arquitecto técnico D. Marcos Chao Amaro a Dirección da Execución Material das Obras e a Coordinación en materia de Seguridade e Saúde.

No anexo de data de entrada no Concello de 02 de xullo de 2008, dáse cumprimento ó solicitado pola Comisión de Seguimento do PEPRI de data de 29 de maio de 2008, sobre a xustificación do volume mínimo permitido nos habitáculos de planta baixo cuberta.

Trátase dunha edificación, de planta baixa, dúas plantas alta e planta baixo cuberta, con fachada principal cara a rúa San Martiño e fachada posterior cara ó Paseo do Río. Paramentos de fachadas de pedra, salvo na planta segunda da fachada posterior que presenta galería de carpintería metálica sobre parte inferior enfoscada e pintada. en planta baixa e, aparentemente de fábrica de ladrillo, con acabado enfoscado e pintado en plantas altas. O resto da carpintería exterior é de madeira, agás a do local comercial de planta baixa que é de perfilería de aluminio lacado en cor branca. Cuberta con faldóns a dúas augas de tella plana. Estrutura horizontal, de escaleiras e de formación de cuberta, a base de vigas e entramado de madeira.

Na actualidade as dúas plantas altas están destinadas a uso de vivenda, a planta baixo cuberta a uso de rocho, e o local de planta baixa a uso comercial, hoxe en día sen actividade.

As obras a realizar comprenden actuacións nas plantas altas e na planta baixo cuberta; así como nos elementos comúns: fachadas, medianeiras e cuberta; e consisten en:

- Actuacións no INTERIOR: Remodelación interior completa nas plantas altas, con modificación de distribución, instalacións e acabados interiores. Execución dunha vivenda na planta baixo cuberta.
- Actuacións en CUBERTA: Nova execución da estrutura de formación dos faldóns de cuberta, colocación de tella curva sobre pranchas de fibrocemento, canos e baixantes de cobre.
- Actuacións en FACHADAS: Limpeza dos paramentos de pedra, substitución da carpintería existente por outra de madeira de teka ou similar pintada con contraventás tamén de madeira, substitución da galería de aluminio da fachada de planta segunda cara ó Paseo do Río por outra de madeira pintada en toda a súa dimensión, eliminación das pranchas de fibrocemento da fachada medianeira esquerda e aplicación de morteiro con acabado pintado.

As obras que se solicitan son obras permitidas pola normativa urbanística vixente, Plan Especial de Protección e Reforma Interior, e recollidas no *artigo 21. Obras Permitidas*, manténdose o uso residencial existente, que se inclúe como uso protexido ou recomendado no *Capítulo I.- Usos da Edificación do Título VI.- Condición de Uso* das Ordenanzas da citada normativa.

En base a todo o exposto anteriormente infórmase favorablemente á concesión da Licenza de Obras solicitada.

O Presuposto de Execución Material que se estima no Proxecto Básico e de Execución presentado é de 149.573,58 ¤ (cento corenta e nove mil cincocentos setenta e tres euros con cincuenta e oito céntimos).

O prazo de inicio das obras é de un (1) mes e o prazo de remate de tres (3) anos, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da Licenza de Obras.

Visto o Informe Xurídico no que se fan as seguintes consideracións:

## **CONSIDERACIÓNS XURIDICAS**

*1-As obras solicitadas cumpren o art. 21 do Plan especial do Conxunto Histórico de Ribadavia .*

*2-Consta dictamen da Comisión de Seguimento do Plan especial de reforma interior do Casco histórico de Ribadavia de data 29.05.08 sobre subsanación de volumen mínimo permitido nos habitáculos baixo cuberta, o cal se lle deu cumprimento mediante escrito con data de entrada de 2.07.08 pola interesada.*

## **CONCLUSIÓNS**

*Este é o parecer non vencellante do informante do que o seu carácter favorable se supedita ao cumprimento das condicións reflectidas nos correspondentes informes técnico e xurídicos*

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda outorgamento da Licenza de Obras para rehabilitación de plantas baixas”

### **1.- Condicións xerais:**

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

Penalización: o incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 209 e ss. da Lei 9/2002), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado. No obstante, transcorridos tres anos desde o outorgamento da licenza sen que se iniciasen as obras entenderase caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderán iniciar as obras sen obter nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor.

## **2.- Condicións particulares:**

**Finalidade da actuación e uso ó que se destinará:** rehabilitación de plantas baixas.

**Contía na que se orzan as obras:** 149.573,58 €

**Situación e emprazamento das obras:** Rúa San Martiño nº48

**Redactor do proxecto e dirección execución material das obras:** Don Luis A. Chao Gómez.

**Nome ou razón social do promotor:** Dona M<sup>a</sup>del Pilar Selas Chao e Blanca Selas Chao .

**Prazos:** O prazo de inicio das obras é dun (1) mes e o prazo de remate de un (3) anos a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da licenza de obras.

**Liquidación do ICIO:** A licenza non terá validez sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación do Sr. Interventor. Visto o orzamento estimado que figura no informe técnico e que ascende a 149.573,58 euros, practícase liquidación complementaria polo Sr. Interventor aos efectos do imposto de construcións, instalacións e obras por importe de 3.888,91€ a ingresar.

**Outras condicións:** As obras deberán axustarse o proxecto e documentación anexa aportada o expediente mantendo o seu uso inicialmente proxectado para planta soto e modificando o de planta baixa e comercial para uso de garaxe.

## **4º.- CONCESIÓN DA LICENZA PROVISIONAL**

“Visto o expediente instruído a instancia de **PANELES PASEIRO, S.L.**, con domicilio na Parque Empresarial de Ribadavia, San Cristobal, 2ª fase desta vila, no que solicita a regulamentaria licenza para a realizar actividade de Fabricación de artigos de chapa e pintura tipo sandwich ,

**RESULTANDO:** Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos, o informe da Delegación Provincial da Consellería de Sanidade e o da Corporación Municipal.

**RESULTANDO:** Que elevado á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente (Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental), este Organismo, con data 8 de agosto de 2008, informa a actividade como MOLESTA E PERIGOSA, e dende o punto de vista mediambiental condicionase a súa instalación ó cumprimento dos seguintes requisitos: a) á aportación e cumprimento das autorizacións sectoriais pertinentes (en particular as da Delegación Provincial de Innovación e Industria de Ourense); b) o cumprimento da normativa acústica; c) sectorización independente dos locais de instalación de riesgo especial en materia de protección contra incendios; d) Lei 10/1998, de 21 de abril, de Residuos (B.O.E. nº 96, de 22-04-98); Lei 10/1997, de 22 de agosto, de residuos sólidos urbanos de Galicia (D.O.G. nº 168 do 02-09-97); Real Decreto 833/1988,

de 20 de xullo, polo que se aproba o regulamento para a execución da lei 20/1986, de 14 de maio, básica de residuos tóxicos e perigosos; Orden M.A.M./304/2002, de 8 de febreiro pola que se publica as operacións de valoración e eliminación de residuos e a lista europea de residuos (B.O.E.nº 43, de data 19-02-02); Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia (D.O.G. nº 124 do 29-06-05); e) se xestionen adecuadamente os residuos perigosos; f) se xestionen os residuos urbanos tendo en conta a recollida selectiva de lixo; g) se proceda a notificación de pequeno produtor de residuos perigosos; h) rexistro de residuos perigosos; i) almacenamento dos residuos en condición axeitadas de hixiene e seguridade, en recipientes etiquetados regulamentariamente sobre chan impermeabilizado, estanqueizado e debidamente impermeabilizado. A zona de almacenamento debe estar a cuberto e dispoñer de sistemas de extinción de incendios; j) á obtención da autorización de vertido municipal para os vertidos industriais realizados ó alcantarillado.

**RESULTANDO:** Que o lugar de emprazamento non é desconforme co planeamento urbanístico axustado á zona.

**CONSIDERANDO:** Que na tramitación deste expediente observáronse as prescricións legais.

**CONSIDERANDO:** Que é da competencia da Xunta de Goberno Local, en virtude de delegación da Alcaldía a concesión da licenza solicitada.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, **ACORDA A CONCESIÓN PROVISIONAL DA LICENZA** que se solicita, debendo cumprir as observacións e medidas correctoras que constan no proxecto presentado e sinaladas pola Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, debendo solicitar licenza definitiva de apertura e funcionamento, aportando as autorizacións sectoriais pertinentes, para o que será indispensable que se levante Acta de comprobación que o interesado deberá solicitar a este Concello, indicando o día e hora, a cal deberá ser favorable, acompañando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións que nel se especifique a conformidade das mesmas cos termos desta licenza; debendo de ingresarse previamente nas arcas municipais a cantidade á que ascenden as taxas regulamentarias, segundo liquidación que practicará a Intervención Municipal.”

Unha vez finalizadas as obras da nave industrial e recepcionadas as obras de urbanización solicitarase a licencia de funcionamento ou primeira ocupación, debendo aportar a seguinte documentación de conformidade co informe do Arquitecto Técnico Municipal de data 25.08.08:

“Ruidos.

Completado el trámite y una vez otorgada la licencia de obra y actividad, se aportará el Estudio Acústico Justificativo, “Medición Acústicas y Vibraciones” según lo previsto en las disposiciones reglamentarias.

Ley de Galicia 7/1997, de 11 de agosto, de protección contra la contaminación acústica, así como el Decreto 320/2002, de 7 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento que establece las ordenanzas tipo sobre protección contra la contaminación acústica.

Residuos:

Aguas residuales:

Separación de aguas pluviales de las residuales y dentro de la instalación se dotara la red de residuales de un pozo previo de control de vertidos. El Concello establecerá la calidad exigible a las aguas del vertido.

Justificar la calidad del vertido según 5.2 del Plan Parcial.

Gestión de residuos industriales:

Tipificar tipos de restos y su posible tratamiento, gestión etc. (Plan de gestión de estos residuos, así como, gestor autorizado). Decreto 298/2000, de 7 de diciembre, DOGA nº 4 de 5 de enero de 2001. Residuos de obra.

Es de aplicación el Decreto 352/2002, de 5 de diciembre, DOGA nº 250, de 27 de diciembre de 2002.”

### **5º.- LICENZA DE OCUPACIÓN.**

“Visto o escrito, de data 16.05.08, presentado por **Don Guillermo López Carballal**, con domicilio en lugar Francelos, 32418, Ribadavia, no que solicita licencia de ocupación da obra de rehabilitación da “Casa da Fonte Arrastrada” para dúas vivendas, na rúas Salgado Moscoso nº14, deste municipio

Visto os informes técnicos e xurídicos obrantes no expediente (datas 07.08.08 e 29.08.08), o certificado final da Dirección da obra con visado de data 10.06.08 e demais documentación técnica obrante no expediente.

Deliberado sobre o particular a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda a concesión da Licenza de Primeira ocupación a **Don Guillermo López Carballal** para obra de rehabilitación da “Casa da Fonte Arrastrada” para dúas vivendas, na rúas Salgado Moscoso nº14, deste municipio.

## **3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.**

### **1º.- CUALIFICACIÓNS PROVISIONAIS**

“Vista a solicitude de **Dona María del Portal Fernández Deaño**, con domicilio na rúa Progreso nº48, Planta Baixa, Ribadavia, no que solicita subvención para actuacións na área de rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia para o inmovible sito na Rúa Fonte da Prata nº10.2º- Ribadavia, a Xunta de Goberno Local de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións na área de rehabilitación do Casco histórico de Ribadavia e tendo en conta a documentación obrante no expediente e o informe da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade dos asistentes, acorda informar favorablemente a solicitude propoñendo a aprobación da Cualificación provisional, remitindo o expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.”

“Vista a solicitude de **Don Julio Rivera Fernández**, con domicilio na rúa Yañez nº29, Ribadavia, no que solicita subvención para actuacións na área de rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia para o inmovible sito na Rúa Yañez nº29- Ribadavia, a Xunta de Goberno Local de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións na área de rehabilitación do Casco histórico de Ribadavia e tendo en conta a documentación obrante no expediente e o informe da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade dos asistentes, acorda informar favorablemente a solicitude propoñendo a aprobación da Cualificación provisional, remitindo o expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.”

“Vista a solicitude de **Dona Matilde Francisca Encarnación Chao Gómez en representación de Don Luis Antonio Chao Gómez**, con domicilio na Praza Maior nº11-1º, Ribadavia, no que solicita subvención para actuacións na área de rehabilitación do Casco

Histórico de Ribadavia para o inmovible sito na Praza Maior nº10-1º, Ribadavia, a Xunta de Goberno Local de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións na área de rehabilitación do Casco histórico de Ribadavia e tendo en conta a documentación obrante no expediente e o informe da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade dos asistentes, acorda informar favorablemente a solicitude propoñendo a aprobación da Cualificación provisional, remitindo o expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.”

“Vista a solicitude de **Dona Mª del Pilar e Blanca Mª Selas Chao**, con domicilio na rúa Praza Maior nº11-1º, Ribadavia, no que solicita subvención para actuacións na área de rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia para o inmovible sito na Rúa San Martiño nº44-Ribadavia, a Xunta de Goberno Local de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións na área de rehabilitación do Casco histórico de Ribadavia e tendo en conta a documentación obrante no expediente e o informe da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade dos asistentes, acorda informar favorablemente a solicitude propoñendo a aprobación da Cualificación provisional, remitindo o expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.”

## **2-PRORROGA LICENCIA**

.- Solicitude de Doña Marta Pérez Mosquera con data 26.08.08 e núm. RE 5212 mediante o que solicita por demora do constructor unha ampliación do prazo para execución da licenza relativa a acondicionamento de tellado, expediente RIB/N/51/07.

A Xunta de Goberno Local deliberado sobre o particular acorda por unanimidade dos seus membros unha ampliación do prazo inicial por un período de seis meses que comenará a contar a partir da recepción da presente notificación.

## **3- INFORMACIÓN URBANÍSTICA.**

1.- Solicitude de información urbanística interesada por **Don Manuel López Gómez** con domicilio en Sampaio, A Gandarela, Ribadavia, con número de rexistro de entrada 4382. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte e visto o correspondente informe técnico de data 25.08.08 a Xunta de Goberno Local por unanimidade aprobou a información urbanística que se contén naquel sobre o lugar sito en Crta. Sampaio, A Gandarela, a solicitude de Don Manuel López Gómez de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.

## **4-AUTORIZACION SOBRE LAPIDA**

Solicitude de Dona Dolores Juste Pardo con data de rexistro de entrada 21-08-2008, numero R/E 5138 relativo a autorizacion para cubrir sepulturas a base de granito pulido.

A xunta de goberno local acorda por unanimidade dos asistentes autorizar para cubrir as citadas sepulturas con lápidas a base de granito pulido, recordándolle que a colocación non suporá dereito de propiedade sobre a sepultura e que antes de proceder a colocación da lápida deberá poñelo en coñecemento do Concello.

#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, toma coñecemento dos seguintes:

1º.- Comunicación da Consellería de Medio Ambiente de data 29.08.08 nº RE 5299 relativa a requerimento de subsanación de solicitude de adhesión a rede galega de concellos pola sostibilidade.

Deliberado sobre o particular a Xunta de Goberno Local adopta os seguintes compromisos:

- Adherirse a Rede de cidades polo clima.
- Organización dunha comisión técnica de seguimento.
- Organización de foros de debate e establecemento de canles estables de participación que impliquen a cidadanía.

Así mesmo a Xunta de Goberno Local designa como equipo técnico e político que participará na rede a:

Don Marcos Blanco Jorge, Alcalde do concello.

Dona Manuela Iglesias Collarte, concelleira de Medio Ambiente.

Dous técnicos en medio ambiente con titulacións de biólogo e técnico especialista en zonas húmidas respectivamente .

Un voluntario de medio ambiente.

#### **5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

##### **GASTOS E FACTURAS VARIAS.-**

Vistas as facturas e demais documentos xustificativos das prestacións que se expoñen á fiscalización conforme da Intervención municipal e considerando que, existe crédito orzamentario no orzamento de gastos para o exercicio 2008, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, e en uso das facultades en canto á xestión do gasto conferidas polo RD Lexislativo 2/2004 e RD 500/1990, delegadas pola Presidencia, acorda:

Primeiro.- O recoñecemento e liquidación das obrigas e polos importes que a continuación se expoñen, con imputación ás partidas correspondentes.

IGLESIAS & SANDOMINGO, realización folletos turísticos para oficina municipal de información turística, por importe de 4.638,51 euros.

Segundo.- Convalidar a aprobación das facturas realizadas por Resolución da Alcaldía e que seguido relacionanse:

CATOURE S.L., servicios de asistencia técnica na recadación meses xullo, agosto e setembro 2007, por importe de 27.480,04 euros.

ANGEL PAZOS HUETE, honorarios de letrado en defensa proceso civil ordinario núm. 80/2007, por importe de 3.285,12 euros.

CONGALLE S.L., servicios de recollida de residuos sólidos urbanos, mes de marzo,

por importe de 7.054,47 euros.

SOGAMA, servicios de tratamento de residuos sólidos urbanos, mes de marzo 2007, por importe de 8.342,36 euros.

CONGALLE S.L., servicios de recollida de residuos sólidos urbanos, mes de abril, por importe de 7.054,47 euros.

FENEDIF, gastos participantes Ecuador en seminario internacional de sensibilización para la diversificación, por importe de 7.274,13 euros.

Terceiro.- Comunicar este acordo e ordenar aos servizos de Intervención e Tesourería a súa contabilización e pago.

**FESTAS DO PORTAL 2008.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aprobar os presupostos e contratos relativos a espectáculos musicais e actividades a desenvolver nas Festas do Portal 2008, segundo o teor literal que se acha no respectivos expedientes:

LORMAN PRODUCCTIONS ARTISTICAS S.L., contrato de arrendamento de servicios de varios grupos musicais para as festas Portal 2008, por importe de 14.000 euros máis I.V.E..

LORMAN PRODUCCTIONS ARTISTICAS S.L., contrato de arrendamento de servicios do grupo SEGURIDADE SOCIAL para as festas Portal 2008, por importe de 23.000 euros máis I.V.E..

PIROTECNIA LA GALLEGA S.L., subministración de fogos artificiais para as festas do Portal 2008 (8 e 9 de setembro), por importe de 9.000 euros (IVE incluído).

#### **CONCESION DE SUBVENCIONS.-**

O Sr. Interventor informa de que se non se trata de subvencións nominativas prevista no presuposto 2008 polo que habería que haber aprobado unhas bases co obxecto de non conculcar o principio de libre concurrencia e publicidade que establece a Lei 30/2003, Xeral de Subvención e a Ordenanza Reguladora de Concesión de Subvención aprobada polo Pleno desta Corporación con data 30 de setembro de 2004.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder unha subvención de 240 euros a Comisión de Festas de San Cristovo pola organización das Festas Patronais. A concesión de subvención rexirase pola Ordenanza Reguladora de Concesión de Subvención aprobada polo Pleno desta Corporación con data 30 de setembro de 2004, aplicándose supletoriamente a Lei 38/2003, Xeral de subvencións. Para o pago das subvencións ou axudas económicas que se poidan conceder polos órganos competentes, con cargo o orzamento, será indispensable xustificar no prazo de TRES MESES a súa aplicación ós fins para os que se houberan concedido, mediante a presentación dos documentos que, suficientemente, así o acrediten, tal como establece a Ordenanza Reguladora de Concesión de Subvencións.

**6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dúas e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO